



## Guía Docente

| Datos Identificativos     |   |          |                           |                     | 2021/22 |
|---------------------------|---|----------|---------------------------|---------------------|---------|
| <b>Asignatura (*)</b>     | Proxectos de innovación e investigación educativa nas Ciencias Sociais  |          | <b>Código</b>             | 652604E214          |         |
| <b>Titulación</b>         | 10 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Ciencias Sociais (Geografía e Historia)   |          |                           |                     |         |
| Descritores               |   |          |                           |                     |         |
| Ciclo                     | Período   | Curso    | Tipo                      | Créditos            |         |
| Mestrado Oficial          | Anual   | Primeiro | Obrigatoria               | 2                   |         |
| <b>Idioma</b>             | CastelánGalego  |          |                           |                     |         |
| <b>Modalidade docente</b> | Presencial  |          |                           |                     |         |
| <b>Prerrequisitos</b>     |   |          |                           |                     |         |
| <b>Departamento</b>       | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación  |          |                           |                     |         |
| <b>Coordinación</b>       | Pérez Guilarte, Yamilé  |          | <b>Correo electrónico</b> | yamile.perez@udc.es |         |
| <b>Profesorado</b>        | Pérez Guilarte, Yamilé  |          | <b>Correo electrónico</b> | yamile.perez@udc.es |         |
| <b>Web</b>                | <a href="https://pdi.udc.es/es/File/Pdi/F57DK">https://pdi.udc.es/es/File/Pdi/F57DK</a> e <a href="https://pdi.udc.es/es/File/Pdi/UD45L">https://pdi.udc.es/es/File/Pdi/UD45L</a>   |          |                           |                     |         |
| <b>Descrición xeral</b>   | A través desta materia preténdese que o alumnado valore o papel do profesor/a como axente reflexivo e crítico e capaz de incorporar a investigación e a innovación a unha clase de Ciencias Sociais. Proponse que o alumnado coñeza as principais liñas de investigación en Didáctica das Ciencias Sociais, así como que adquiera competencias para a análise e o deseño de proxectos de investigación e innovación aplicados á didáctica das Ciencias Sociais en Educación Secundaria e Bacharelato. |          |                           |                     |         |



|                             |   |
|-----------------------------|---|
| <b>Plan de continxencia</b> | <p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades iniciais</li> <li>- Análise de fontes documentais</li> <li>- Sesión maxistral</li> <li>- Aprendizaxe colaborativa</li> <li>- Traballos tutelados</li> <li>- Presentación oral</li> </ul> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Non se realizarán cambios. A única modificación é que o traballo realizarase a través das ferramentas online: Moodle, Teams, Stream).</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.</p> <p>Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado a través dos foros.</p> <p>Teams: 1 sesión semanal ou mais segundo o demande o alumnado para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?, sempre no horario da materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Non se realizarán cambios. A única modificación é que será de forma telemática. Os traballos serán entregados ou presentados a través das diferentes ferramentas informáticas (Teams, Moodle, Stream) e o alumnado realizará o traballo colaborativo de forma telemática.</p> <p>*Observacións de avaliación: Ao alumnado que non superara a avaliación continua, orientaráselle para a mellora daquela tarefa ou tarefas nas que non se acadara a máxima puntuación.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se realizarán cambios.</p> |
|-----------------------------|---|

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título  |
| A1                                  | (CE-E1) Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.   |
| A2                                  | (CE-E2) Coñecer os contidos que se cursan nas respectivas ensinanzas   |
| A3                                  | (CE-E3) Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas. |
| A4                                  | (CE-E4) Coñecer contextos e situacións nas que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares  |
| A5                                  | (CE-E5) Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.  |
| A6                                  | (CE-E6) Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.   |
| A7                                  | (CE-E7) Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.   |
| A8                                  | (CE-E8) Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas das e dos estudantes.  |
| A9                                  | (CE-E9) Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.  |



|     |  |
|-----|--|
| A10 | (CE-E10) Coñecer estratexias e procedimentos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulamentación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.   |
| A11 | (CE-E11) Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.  |
| A12 | (CE-E12) Analizar criticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación empregando indicadores de calidade.  |
| A13 | (CE-E13) Identificar os problemas relativos ao ensino e aprendizaxe das materias da especialización e propor alternativas e solucións.   |
| A14 | (CE-G14) Respetar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.   |
| B1  | (CE-G1) Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.  |
| B2  | (CE-G2) Comprender o desenvolvemento da personalidade de estes estudantes e as posibles disfuncións que afectan á aprendizaxe.   |
| B3  | (CE-G3) Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecimentos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.   |
| B4  | (CE-G4) Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.   |
| B5  | (CE-G5) Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas.  |
| B6  | (CE-G6) Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.   |
| B8  | (CE-G8) Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá.  |
| B10 | (CE-G10) Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. |
| B14 | (CE-G14) Respetar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.   |
| C1  | N.1. Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.  |
| C3  | N.3. Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.   |
| C4  | N.4. Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.  |
| C6  | N.6. Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.   |
| C7  | N.7. Asumir como profesional e cidadán/cidadá a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |
| C8  | N.8. Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.   |

| Resultados da aprendizaxe   |  |                   |            |
|---|--|-------------------|------------|
| Resultados de aprendizaxe   | Competencias / Resultados do título                      |                   |            |
| Coñecer a importancia do papel do profesor/a como axente reflexivo e crítico, capaz de incorporar a investigación e a innovación á aula para mellorar a súa práctica docente. | AP5<br>AP6<br>AP7<br>AP8<br>AP10<br>AP11<br>AP12<br>AP14 | BP2<br>BP10       | CP7        |
| Valorar a importancia da innovación e a investigación como estratexias para mellorar a calidade educativa na área de Ciencias Sociais.  | AP11   | BP1<br>BP4<br>BP5 | CP8        |
| Aplicar criticamente os enfoques actuais na innovación e na investigación didáctica das Ciencias Sociais. Experiencias concretas.   | AP12<br>AP13   | BP6<br>BP8        | CP4<br>CP6 |
| Aprender a deseñar, desenvolver e avaliar proxectos de investigación e unidades didácticas na área de Ciencias Sociais.   | AP1<br>AP2<br>AP3<br>AP4                                 | BP14              | CP1<br>CP7 |



|  |                   |     |     |
|--|-------------------|-----|-----|
| Manexar e analizar bibliografía especializada e fontes documentais virtuais que permitan investigar e aprofundar nas Ciencias Sociais. | AP1<br>AP3<br>AP9 | BP3 | CP3 |
|--|-------------------|-----|-----|

| Contidos   |  |
|--|--|
| Temas  | Subtemas   |
| Tema 1. A investigación en Didáctica das Ciencias Sociais.       | <ul style="list-style-type: none"> <li>- O profesorado como axente reflexivo e investigador da súa propia práctica: innovación docente e investigación educativa na aula.</li> <li>- Principais liñas de investigación en Didáctica das Ciencias Sociais.</li> <li>- Achegas da investigación educativa en Ciencias Sociais á mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe en Educación Secundaria e Bacharelato.</li> </ul> |
| Tema 2. A innovación no ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise e valoración de proxectos e experiencias innovadoras no ensino das Ciencias Sociais.</li> <li>- Deseño e desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación en didáctica das Ciencias Sociais para Educación Secundaria e Bacharelato.</li> </ul>   |

| Planificación                 |   |   |                         |              |
|-------------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas         | Competencias / Resultados   | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Aprendizaxe colaborativa      | A1 A7 A8 A9 B1 B2<br>B8 B10 C3 C1 C7  | 1                                       | 5                       | 6            |
| Traballos tutelados           | A1 A2 A3 A4 A5 A6<br>A7 A8 A9 A11 A12<br>A13 B3 B4 B5 B8 B14<br>C3 C1 C4 C6 C7 C8 | 2                                       | 15                      | 17           |
| Sesión maxistral              | A9 B1 B3 B4 B5 C4<br>C6   | 7                                       | 2                       | 9            |
| Presentación oral             | A9 A14 B8 C3 C1 C4  | 2                                       | 5                       | 7            |
| Análise de fontes documentais | A2 A5 A7 A12 A14<br>B14 C4  | 1                                       | 4                       | 5            |
| Actividades iniciais          | A1 A2 A3 A10 B6   | 1                                       | 1                       | 2            |
| Atención personalizada        |   | 4                                       | 0                       | 4            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías                  |  |
|-------------------------------|--|
| Metodoloxías                  | Descrición   |
| Aprendizaxe colaborativa      | Actividades que promovan o traballo en pequenos grupos: intercambio de información, discusións, postas en común e toma de decisións.   |
| Traballos tutelados           | A aprendizaxe de metodoloxías para a súa aplicación didáctica concretarase na elaboración dun estudo ou traballo acerca dalgunha das temáticas consideradas no ámbito das ciencias sociais. O alumnado seleccionará un tema, formulará os obxectivos, realizará unha xustificación, desenvolverá a metodoloxía idónea, resolverá o tema e/ou proposta e obterá as conclusións pertinentes. |
| Sesión maxistral              | As explicacións teóricas referiranse ós contidos básicos que forman a estrutura de cada tema. A partir dos esquemas iniciais e co apoio de documentación específica, iranse desenvolvendo a parte teórica dos contidos conceptuais da materia mediante metodoloxía explicativa.  |
| Presentación oral             | Os traballos de pequeno grupo serán obxecto de exposición na aula, xa que facilitan a adquisición das destrezas explicativas fundamentais para o desenvolvemento da profesión de mestres/as.   |
| Análise de fontes documentais | Realizaranse actividades para o coñecemento de fontes documentais de ampla diversidade que acheguen información acerca de contidos e, sobre todo, recursos didácticos en relación co ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais.  |



|                      |  |
|----------------------|--|
| Actividades iniciais | Antes de iniciar os temas do programa desenvolveranse actividades que permitan coñecer os saberes previos do alumnado respecto ás ciencias sociais, as competencias, intereses e motivacións que posúen para o logro dos obxectivos finais que queremos alcanzar nesta materia |
|----------------------|--|

## Atención personalizada

| Metodoloxías             | Descrición   |
|--------------------------|--|
| Aprendizaxe colaborativa | Os traballos terán un seguimento personalizado para garantir o cumprimento dos obxectivos e prazos así como para resolver dúbidas. |

## Avaliación

| Metodoloxías                  | Competencias / Resultados  | Descrición   | Cualificación |
|-------------------------------|--|--|---------------|
| Análise de fontes documentais | A2 A5 A7 A12 A14 B14 C4  | Realizaranse actividades para o coñecemento de fontes documentais de ampla diversidade que acheguen información acerca de contidos e, sobre todo, recursos didácticos en relación co ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais.  | 20            |
| Aprendizaxe colaborativa      | A1 A7 A8 A9 B1 B2 B8 B10 C3 C1 C7  | Actividades que promovan o traballo en pequenos grupos: intercambio de información, discusións, postas en común, toma de decisións, comprensión do grupo como unha tarefa única.   | 10            |
| Traballos tutelados           | A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A11 A12 A13 B3 B4 B5 B8 B14 C3 C1 C4 C6 C7 C8 | A aprendizaxe de metodoloxías para a súa aplicación didáctica concretarase na elaboración dun estudo ou traballo acerca dalgunha das temáticas consideradas no ámbito das ciencias sociais. O alumnado seleccionará un tema, formulará os obxectivos, realizará unha xustificación, desenvolverá a metodoloxía idónea, resolverá o tema e/ou proposta e obterá as conclusións pertinentes. | 50            |
| Presentación oral             | A9 A14 B8 C3 C1 C4   | Os traballos de pequeno grupo serán obxecto de exposición na aula, xa que facilitan a adquisición das destrezas explicativas fundamentais para o desenvolvemento da profesión de mestres/as.   | 20            |

## Observacións avaliación

- Na avaliación terase en conta a participación e dedicación á materia, tanto na aula como nas actividades realizadas fóra da mesma.
- O alumnado que non supere a avaliación continua a partir das metodoloxías presentes na materia ou asista a menos do 80% das sesións terá que superar unha proba obxectiva.
- O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, que fai uso da devandita exención, debe presentar os traballos individuais que se orienten ao resto do alumnado, así como un traballo final.
- Nos traballos a realizar o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento. Igualmente, será imprescindíbel a corrección lingüística á hora de dar por superados os devanditos traballos.

## Fontes de información

|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía básica</b>         | Albert M.; Fuentes, C.; Gutiérrez, J. M.; Hernández Cardona, F. X; López Facal, R.; Miralles, P.; Molina, S.; Prats, J.; Rivero, P.; Santacana, J. (2011). Geografía y la historia. Investigación, innovación y buenas prácticas. Formación del profesorado. Educación secundaria, 8, Vol. 3. Barcelona: Editorial Graó. |
| <b>Bibliografía complementaria</b> | Segundo avance o curso, iranse proporcionando outras referencias máis específicas para complementar o traballo en clase.   |

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

